



Sonia Colina (2009): *Spanish phonology. A syllabic Perspective*. Washington, DC: Georgetown University Press, 184 pp.

Sonia Colina arranca presentando o propósito, os destinatarios e o marco teórico do traballo. Canto ó primeiro, observamos unha nova análise de vellos coñecidos do panorama fonolóxico e morfofonolóxico do español: problemas da estrutura silábica, as asimilacións das nasais, o fortalecemento de semivogais no ataque en parellas coma *ley ~ leyes*, o comportamento das consoantes obstruentes na coda, a epéntese de vogais en palabras tipo *eslavo*, nos plurais tipo *soles*, de consoantes nos diminutivos tipo *panecito* ou *leyecita*, a realización dos róticos, etc. Esta nova análise fundaméntase nunha ferramenta teórica que xa vai chegando ós vinte anos de historia, a *Teoría da Optimidade* (OT, *Optimality Theory*), e máis concretamente, no desenvolvemento de OT para os problemas fonolóxicos.

OT consiste noutro paso adiante dentro do mundo da lingüística xenerativa, despois da fonoloxía métrica, a fonoloxía autosegmental, a fonoloxía léxica, a prosódica. En vez de manexar unha mestura de regras universais e de regras específicas de cada lingua, que introducen, eliminan ou modifican segmentos dunha representación subxacente, OT parte dun repertorio (supostamente) universal de restricións, todas xerarquizables e violables, que cada lingua organiza ó seu xeito. As formas de superficie explícanse por medio da ordenación das restricións, non pola acción de regras. Realmente, a xerarquización das restricións representa as condicións en que se producen fenómenos coma epéntese ou elisión, polo que segue a haber un certo substrato derivativo (séguese a falar de formas base, por exemplo); ora ben, a regra de epéntese ou elisión non se formula nunca, coma se os procesos non fixeran parte dos primitivos da teoría e esta só tivera en conta as condicións en que os procesos se dan e as condicións que deben cumprir os resultados (*outputs*) dos procesos unha vez producidos.

Eu creo que é un feito que as anteriores teorías xenerativas (a fonoloxía léxica, a métrica, a prosódica ou a autosegmental) non chegaron a ser moi populares dentro de España e pasaron desapercibidas en Galicia (contrástese co forte desenvolvemento obtido pola fonoloxía xenerativa en Portugal). Aínda hoxe, en Galicia a concepción fonolóxica básica segue a ser a fonoloxía estruturalista europea clásica; de feito, Galicia, en canto á fonoloxía, segue fóra dos marcos teóricos máis innovadores, sexan xenerativos coma este, sexan funcionalistas baseados no uso (digo Galicia, non o galego, que xa foi tratado dentro de OT pola propia Sonia Colina ou incluso investigadores estranxeiros coma Kikuchi).

Unha innovación moi atractiva do libro é que os fenómenos segmentais son tratados dentro da estrutura da sílaba. Un problema que se detectaba na anterior fonoloxía xenerativa era unha certa falta de coordinación entre as diversas compoñentes; ás veces unha explicación no marco da fonoloxía léxica que goberna a alternancia de segmentos creaba problemas na fonoloxía prosódica que establece as estruturas silábicas. Un elemento destacable deste marco teórico é a *avaliación paralela*, pola que:

an apparently segmental process cannot limit itself to segmental and featural constraints, but that syllabic, metrical, and prosodic constraints need to be brought into the picture simultaneously. Small areas of the phonology can no longer be neatly and conveniently dissected and separated for analysis without referring to relevant prosodic structure (p. 1).

Como veremos, o esquema unificador das análises propostas será a estrutura da sílaba en español: elementos da estrutura interna de cada segmento licencian a súa posición nunha sílaba e cada posición na sílaba licencia elementos da estrutura interna dos segmentos.

Propósito e destinatarios non son conceptos independentes. O libro vai dirixido tanto a “OT researchers and students familiar with the theory, but who are not experts in Spanish”, coma tamén a “Spanish linguists and graduate students who may not be well-versed in the intricacies” de OT (p. 2). Estes últimos destinatarios son os que tornan o libro máis atractivo, pois a análise dos vellos e coñecidos problemas dentro dun novo marco teórico serve como presentación do marco. De feito, cada análise en OT acostuma a ir acompañada dunha análise en fonoloxía *serial*, *derivativa*, para facilitar o contraste e tentar mostrar a superioridade do marco OT.

Dada as similitudes estruturais entre galego, castelán e portugués, o libro tamén resulta interesante para os estudosos do galego, pois poden encontrar aquí un novo método de análise para os tamén vellos problemas da fonoloxía do galego.

O libro permite dous niveis de lectura: un máis introdutorio, escrito en letra grande, para os lectores que queiran obter “a general understanding of the topic”; e outro nivel, “advanced”, marcado cun tipo máis pequeno e un trazo gris vertical situado á esquerda do parágrafo.

Finalmente, dada esta vontade de introducir o lector no ámbito de OT, cada capítulo contén unhas *Study Questions*, presentado problemas que poderían non vir á mente nunha primeira lectura do texto; unha sección *Going Back to the Sources*, que ofrece a bibliografía básica, sendo unha guía de lectura para o que queira profundar nas cuestións tratadas; outra sección chamada *Key Topics*, que contén listas de temas importantes na fonoloxía do español ou na fonoloxía xeral; finalmente, aparece outra sección denominada *Topics for Further Research*, que inclúe suxestións sobre cuestións abertas que aínda non foron suficientemente tratadas na fonoloxía do español.

Ó final do libro (149-152), aparece un glosario con tódalas restricións empregadas, clasificadas segundo sexan *faithfulness constraints* (restricións que ordenan que input e output sexan o máis similares posibles), *markedness constraints* (restricións referidas á presenza de estruturas marcadas ou non marcadas no output) e *alignment constraints* (restricións que sitúan un obxecto/morfema con respecto a outro).

Como se ve, esta obra mostra a vontade didáctica da autora, que, con empatía, quere pórse na pel da persoa que se achega a un tema tan espiñento como efectivamente é a fonoloxía xenerativa en xeral e a fonoloxía de OT en particular. Esta vontade didáctica é de

agradecer, pois o espiñento da fonoloxía xenerativa non é cuestión menor, nin desprezable: moitas veces desalenta os estudantes que se inician na investigación fonolóxica. Con todo, cómpre sinalar que o libro non é un manual introdutorio, básico, para aprendices, senón que demanda un mínimo coñecemento previo das teorías, tanto xenerativa derivativa, coma optimal; demanda, ademais, unha lectura pousada, sobre todo cando non se está familiarizado co formalismo (simple, si, pero que demanda moita memoria sobre centos de siglas).

No capítulo 2, “Syllable Types and Phonotactics”, presenta a tipoloxía básica da sílaba en español e os conxuntos de restricións que dan conta das estruturas silábicas. Realmente, este é, sobre todo, un capítulo centrado na fonoloxía posléxica da palabra. Realiza a exposición da estrutura silábica comparando as análises derivativas, con regras, coa análise baseada na ordeñación de restricións. Propón análises para situar as semivogais na estrutura da sílaba (se no núcleo ou nas marxes), o fortalecemento de semivogais na marxe prenuclear (*com-iendo* vs. *cre-yendo*) e mostra ademais como dialectos do castelán que difiren neste respecto poden ser analizados usando as mesmas restricións con ordenacións diferentes. A seguir mostra como os principios que regulan a escala de sonoridade contribúen a ordenar os segmentos dentro da sílaba (*pa.la.bra*) ou entre as sílabas (*dies.tro*). Despois, ocúpase dos grupos cultos e da especificación de [voz] e [continuo] nas consoantes obstruentes non continuas na coda en palabras coma *digno* ou *futbol*, e ofrece as gramáticas precisas para dar conta dos diversos fenómenos de variación e neutralización que se producen: *digno* [digno] ~ [dikno] ~ [dixno] ~ [dino].

Vexamos como OT foca algún dos vellos problemas da fonoloxía da palabra analizando o seu tratamento dos chamados grupos cultos; con este fin, Sonia Colina propón unha serie de restricións xerais, ordenadas tal que:

*CODA/obstruente >> *CODA/nasal >> *CODA/líquida >> *CODA/glide (o símbolo >> significa *domina*);

Esta ordenación de restricións ilustra o lugar pouco natural das codas oclusivas en castelán: existe unha restrición moi forte a que unha coda estea ocupada por unha obstruente (realmente, por unha obstruente non continua, pois unha obstruente continua coma /s/ si é permitida); despois analiza as relacións destas restricións con outras. Por exemplo, dado que nos dialectos populares pode evitarse a presenza de oclusivas orais na coda (*actuar* > *atuar*), propón unha gramática tal que:

*CODA/obstruent, DEP-IO >> MAX-IO

de modo que se bloquea a aparición en superficie de oclusivas (*CODA/obstruent), obrígase a que calquera elemento que estea na superficie apareza tamén na representación subxacente (DEP-IO), evitando unha epéntese á brasileira (**obsoleto*, en que se introduce unha vogal /e/ que non está na representación subxacente), e permítese que a oclusiva na coda de *obsoleto*, presente na representación léxica, non aparece en superficie (violación de MAX-IO, que exige que os elementos da representación subxacente aparezan na de superficie).

Pola contra, os dialectos que manteñen /b/ ou /k/ nestes contextos presentan as mesmas restricións, pero ordenadas doutro xeito:

MAX-IO, DEP-IO >> *CODA/obstruent

Nesta gramática *osoleto* violaría MAX-IO, pois un segmento subxacente desaparece en superficie; *obsoleto* violaría DEP-IO, pois hai en superficie un segmento que non está na representación subxacente; e habería a violación dunha restrición máis baixa no ranking, *CODA/obstruent, que non sería suficiente para impedir /obsoleto/, de modo que outra vez aparecen en superficie formas que violan algunha restrición.

Esta análise mostra a elegancia do *modus operandi* en OT, no que, ó meu xuízo, o máis destacable é que as restricións situadas máis abaixo no ranking son violables, sen que iso dea como resultado secuencias agramaticais, dando a idea de que non existe a secuencia perfecta.

Ora ben, un elemento que me chama a atención neste tipo de análises é por que cómpre partir dunha forma subxacente /obsoleto/ nos dialectos populares e non se pode partir directamente de /osoleto/, dado que estes dialectos non admiten codas oclusivas. Deste xeito, non habería ningunha violación de restricións; a gramática destes dialectos precisaría, en todo caso, de *CODA/obstruent, sexa restrición, sexa condición de boa formación dun significante, que explicaría como se adaptan os préstamos que conteñen /b/ ou /k/ na coda: préstamos coma *acto*, *obsoleto*, *perfecto* son adaptados segundo esta restrición como *ato*, *osoleto*, *perfecto*; pero, por mor da existencia de *CODA/obstruent, estas formas serían almacenadas no saber do falante sen a oclusiva dificultosa. De feito, resulta para min difícil entender que poidan existir formas subxacentes que violen restricións importantes; se unha gramática contén restricións tan importantes que non poden ser violadas, ¿por que aparecen formas base con violacións destas restricións (algo que, polo que vexo, vai unido á noción *Richness of the Base*)? Isto, evidentemente, vai unido ó chamado problema da abstracción: ¿canta diferenza se permite entre as formas subxacentes e as formas de superficie?

Outro elemento que chama a atención neste tipo de análises é o tratamento da asimilacións de laterais e nasais na coda. Sonia Colina propón unha xerarquía para os puntos de articulación (PA), tal que

*Dor >> *Labial >> *Coronal

Como se ve, os PA están establecidos como restricións: as consoantes dorsais estarían máis marcadas, serían menos comúns, cás labiais, e estas serían menos naturais cás coronais. É un feito que as coronais son as consoantes máis habituais, o que na teoría da subespecificación permitía deixar sen marcar o seu PA na representación subxacente. De feito, pregúntome se esta xerarquización é herdeira da teoría da subespecificación. Dado que unha lateral é prototipicamente coronal (unha coronal dorsal está marcada e unha lateral labial é imposible), parece existir un vínculo especial entre lateral e coronal. Esta xerarquía e a teoría da subes-

pecificación parten do feito de que lateral coronal son menos marcadas, e polo tanto, coronal pode adquirirse por regra/restrición; porén, coronal podería un trazo definitorio das laterais prototípicas, o que aconsellaría que as laterais estivesen marcadas, precisamente, como coronais de entrada. Claro está que isto iría en contra da teoría da subespecificación, que elimina da representación léxica os valores non marcados e redundantes, predicibles por regra.

En todo caso, como sinala Sonia Colina, o feito de transformar en restricións os elementos que gobernan a gramática permite unha visión integrada da fonoloxía, pois a gramática xorde de integrar diferentes tipos de restricións máis ca de combinar diferentes módulos autónomos, coma o autosegmental ou o prosódico:

In serial phonology the role of sonority is recognized, but sonority scales cannot be formalized into the theory and constitute separate, external mechanisms. [...] An optimality-theoretic framework captures the generalizations that relate syllabic positions with sonority classes (p. 39).

O capítulo 3, “Syllabification across Words”, enfróntase coma as mesmas armas ós procesos silábicos que se dan entre palabras. Por exemplo, para dar conta do *resilabeo* de /s/ en *los osos* /lo.so.sos/, defende unha ordenación de restricións tal que:

Onset >> Align-Lst >> *Coda

ONSET obriga a que, se hai un segmento que poida ocupar o ataque, sexa ataque (neste caso, o /s/ de *los*); ALIGN-LST aliña pola esquerda o límite da sílaba co do *tema* (“stem”); se hai *resilabeo*, ALIGN-LST é violado; desde que haxa un candidato a ataque no *tema* da dereita, coma o /l/ de *dos lados*, bloquéase o *resilabeo*, pois ONSET xa está satisfeita co /l/ e ALIGN-LST obriga a un silabeo *dos.lados* (e bloquea **do.sla.dos*); finalmente, *CODA aparece abaixo na xerarquía, polo que é violable en *dos.lados*.

Neste capítulo tamén se explican as ditongacións entre palabras (coma en *mi amigo* > *m[ia]migo*) con ferramentas similares ás que ordenan dentro da palabra as secuencias de vogais, que xorden da necesidade de que se satisfaga ONSET. O mesmo coa elisión de vogais similares neste contexto *te espero* > *t[e]spero*, que poñen arriba na xerarquía ONSET e unha restrición *GEM, que bloquea a aparición de xeminadas. Tamén explica unha resolución de hiatos certamente complicada no español chicano, para a que unhas veces se propón coalescencia (*mi hijo* [mixo]), noutras elisión (*se hinca* [sin̥ka]) e outras ditongación (*mi obra* [mjobra]); logra mostrar as diferenzas entre a gramática do español peninsular e a do español chicano simplemente reordenando as restricións *CODA e MAX-V (“a vowel present in the input must have a correspondent in the output”) en diferentes lugares da xerarquía.

No capítulo 4, “The syllable and morphological constituents”, analízase a interacción entre o silabeo e os procesos morfolóxicos. Primeiro presenta unha análise *serial* dos procesos de silabeo e *resilabeo* que permiten contrastar [des̥jerto] “desierto” con palabras com-

plexas como [dezyelo] “deshielo” e con [dehetʃo] “desecho”, ou o plural [b̥ienes] “bienes” co composto [b̥ienestar] “bien estar”, ou a aparición dunha vibrante no cando dunha golpeada en [mataratas] “mataratas”, mostrando que precisa de ordenación extrínseca de regras. A súa análise OT evita precisamente a ordenación extrínseca das regras e a creación de dous estratos fonolóxicos no léxico.

Por exemplo, a aspiración común de [meh] “mes” e [me.ha.sul] “mes azul” ou de [de he.tʃo], a velarización común de [b̥ien] “bien” e de [b̥ienestar] “bien estar”, explícanse por medio dunha restrición antialomórfica que vencella un output A a outro B: a restrición IDENT-PrWd(SL) que establece que os trazos supralarínxeos dunha palabra prosódica A deben coincidir cos de B, de modo que non se permite alomorfia nas palabras prosódicas. Estas restricións relacionan dous outputs no canto de relacionar un output cun input.

Por exemplo, dado que [meh] é a palabra prosódica output resultado óptimo do input /mes/, en *mes azul* o output [meh] debe ser preferido a [mes] en virtude de IDENT-PrWd(SL) (nótese que en *meses* a palabra prosódica é /meses/, non /mes/). Cando se aplica esta análise ó prefixo /des/ nos dialectos Caribeños 1, un preguntase por que /des/ non ten unha forma subxacente /deh/, xa que nunca aparece en superficie un output [des] (a relación /des/ > [deh] constitúe un caso de neutralización absoluta; propor /deh/ sería un caso de optimización do lexicón). Tamén o feito de que existan restricións output-a-output formaliza a capacidade dos outputs de disparar procesos analóxicos, o que ó meu xuízo, nunha teoría baseada no uso, se explica porque están almacenados individualmente no lexicón e non son resultado dun proceso derivativo. Acaba o capítulo coa difícil empresa dos róticos e cunha solución elegante en que se ve traballar axilmente o postulado *Richness of the Base* e como as restricións nas formas de superficie son suficientes para explicar un output óptimo con independencia da estrutura da representación subxacente, o que outra vez me leva a preguntar se será sempre preciso establecer unha forma base distinta do output, pois podemos lograr explicar a estrutura interna do output sen comparalo cunha base concreta. Por exemplo, unha restrición coma “un rótico en posición inicial de palabra debe ser vibrante” é unha descrición de superficie, si, pero tamén pode ser unha descrición da forma subxacente; que o trazo *vibrante* sexa predicible polo contexto non implicaría a súa subespecificación.

O capítulo 5, “Repair Mechanisms and Structure Improvement: Epenthesis and Deletion”, penetra xa en cuestións claramente morfofonolóxicas, en que os condicionamentos non só fonolóxicos, senón tamén información morfosintáctica. Polo tanto, neste caso “an important task for any analysis is to disentangle the role played by each component of the grammar, while also explaining their interaction” (p. 101). A proposta dos fenómenos analizados realízase baixo a noción de *emergence of the unmarked*: “The attempt to make surface structure as unmarked as possible” (p. 101). En primeiro lugar, demostra que os mecanismos de reparación non inclúen a epéntese de *-e* final en palabras coma *parte, monte, sede, fase, cruce, leche*, mostrando que a vogal final debe estar na representación subxacente, pois a súa falta provocaría neutralizacións ou simplificacións de grupos consonánticos en virtude do alto

que están na xerarquía as restricións *COMPLEX CODA, DEP-IO, MAX-IO e *CODA/osbtruent. Despois aborda a morfofonoloxía do plural en castelán: as alternancias *nena* ~ *nenas* vs. *paz* ~ *paces* (**pazs*); para isto, defende un morfema base de plural /s/ e un proceso de epéntese baseándose nas restricións output-a-output DEP-OO, MAX-OO, ordenadas despois de *CODA. Curiosamente, a mesma xerarquización das restricións explica a gramaticalidade da palabra simple *vals* e a do plural *soles* (en vez de **sols*). Con todo, Colina defende condicionamentos morfolóxicos para este proceso de epéntese, que sucede “no léxico” e non é pura fonoloxía.

Neste capítulo ofrece tamén Colina unha enxeñosa e unitaria análise do fenómeno de epéntese de /e/ en palabras coma *eslavo* e da elisión de /p/ en palabras coma *psicólogo*; para isto, sitúa en lugar alto no ranking a restrición MSD que goberna a escala de sonoridade, DEP-IO e unha restrición MAX-IO #s que opera en moitas linguas contra a elisión de /s/ posición inicial (pensemos no latín *spes* ou no inglés *stop*). Exhaustiva tamén é a análise da selección dos alomorfos diminutivo *-cit-* and *-it-*; o primeiro é seleccionado no nivel da palabra por restricións output-to-output, en canto o segundo é seleccionado e ligado a un tema (*stem*). A pesar de que a análise funciona, un queda na dúbida sobre a universalidade de restricións coma *-it-* to V_{TE} ou *-citV* to *PrWrd*, que se refiren á distribución dos sufixos casteláns *-ito*, *-cito*. Lixeiramente *ad hoc* parece considerar que en *clasecita* a vogal que antecede o sufixo *-cita* sexa considerada epentética e non TE (*Terminal Element*, ou se se quere, vogal temática); o propio recurso ó tipo de unidade gramatical da vogal denuncia un forte contido morfolóxico que non ten por que ser fonoloxizado (pp. 128-129). O capítulo remata revisando a modelización óptima (o ranking de restricións que levan á constitución) das propias unidades consonánticas que poden ocupar a coda.

6 “Conclusions” é o último capítulo. Nel expón sinteticamente as vantaxes das análises feitas baixo a perspectiva OT. Finalmente, Colina dedica as últimas páxinas a unhas interesantes reflexións sobre como describir a variación, ou mellor dito, unha gramática que contén variación.

Para min, unha das vantaxes máis interesantes que ofrece OT é a que atinxe ás *conspiracións*, aqueles conxuntos de regras aparente e formalmente pouco relacionadas entre si que teñen un fin común, producir un tipo de estrutura de superficie que se adecúa a unhas restricións universais: “é mellor unha sílaba sen coda ca unha sílaba con coda”; “unha coda debería ser máis sonora ca o ataque seguinte”; por exemplo. Cousa distinta é saber de onde resultan estas restricións universais. Por exemplo, OT, de acordo cos postulados xenerativos xerais, defende a existencia dun conxunto de restricións universais innatas, que forman parte da Gramática Universal coa que todos viriamos mundo; cada variedade lingüística ordena estas restricións dun xeito específico. Outras teorías, coma o funcionalismo de Joan Bybee, proclaman que só existen universais do cambio lingüístico e que a explicación dunhas estruturas lingüísticas sincrónicas resultan de cambios sometidos a estes universais en virtude de elementos cognitivos, habelencias, xerais (que non son específicos dun módulo da linguaxe). Estas conspiracións son vellas coñecidas da fonoloxía xenerativa (xa Sommerstein nos anos 70 as describira), pero só agora reciben unha explicación adecuada.

Outra vantaxe importante consiste na capacidade de integrar elementos de diversas sub-teorías fonolóxicas (as escalas de sonoridade ou o peso da sílaba, por exemplo, coa posición na sílaba ou a inserción de segmentos) nunha mesma explicación, situando e ordenando as restricións de diferentes procedencias nunha mesma liña. Isto introduce unha simplicidade e coherencia moi atractivas na análise.

Tamén as restricións output-to-output son un recurso interesante, pois mostran como unha forma final de superficie ten poder de influír noutra coa que garda unha estreita relación morfolóxica: o singular no plural ou o plural no singular, por exemplo. Nunha teoría derivativa é difícil de explicar (como non sexa revertendo a orde das regras) que unha forma fonética de superficie poida influír noutra, dado que as formas fonéticas son subprodutos que só aparecen ó final dunha derivación.

Este libro é, pois, unha valiosa achega á fonoloxía do español. Aparecen tratados aquí de forma innovadora vellos problemas, enfocados dun xeito unitario, coas ferramentas que a tradición OT produciu nos últimos lustros. A propia autora marca as cuestións abertas dentro da teoría, invitando os investigadores a sumarse á renovación dos estudos fonolóxicos. De feito, a familiaridade dos datos produce unha sensación de achegamento que non se logra con datos doutras linguas distintas. Pregúntome eu se sería posible unha tradución ó castelán e unha edición con máis material do nivel introdutorio; isto axudaría á súa difusión no mundo académico español.

FRANCISCO DUBERT GARCÍA ■